

DATOS SOBRE A REALIZACIÓN OPORTUNISTA DE CITOLOXÍAS EN GALICIA

Dende fai máis de dez anos a través do Sistema de información sobre Condutas de Risco (SICRI) de Galicia obtense, entre outros datos, información sobre a realización de citoloxías nas mulleres maiores de 16 anos.

As citoloxías vexinais son as probas de cribado principalmente indicadas na prevención primaria do cancro de cérvix. En Galicia este cribado oportunista está recomendado con periodicidade trienal en mulleres sexualmente activas de 21 a 64 anos [ligazón]. Exclúense da recomendación aquelas mulleres sen actividade sexual e as que foran histerectomizadas por unha patoloxía non relacionada co VPH. O cribado suspéndese ao cumprir os 65 anos sempre que se realizasen dúas citoloxías despois dos 60.

A idade recomendada para comezar a realizar citoloxías foi variando co desenvolvemento dos sistemas de cribado; dentro de España non é exactamente a mesma en tódalas comunidades autónomas. En Galicia iniciase con anterioridade ao proposto nas últimas recomendacións nacionais do [Programa de Actividades Preventivas e de Promoción da Saúde](#) segundo o cal comezaría aos 25 anos.

A través dos datos autodeclarados das enquisas do SICRI de 2006 e 2015 estimouse a prevalencia de realización de citoloxías das mulleres galegas maiores de 16 anos. No 2006 estes datos amosaban unha prevalencia global de realización de citoloxías oportunistas do 70'6% (IC95%: 69'2-72'1), sendo en 2015 do 82'8% (IC95%: 81'7-84'0).

Segundo os datos do 2015 obsérvanse diferenzas en función

dos grupos de idade, que reflectirían a adhesión ás recomendacións actuais en Galicia: 68'1% nas de 21-24 anos, 92'6% nas de 25-44 anos e 92'0% nas de 45-64 anos; ademais, dispónse de información nas mulleres de 16-20 anos (24'8%) e nas maiores de 65 anos (72'8%) (Táboa 1).

Ao comparar os datos SICRI de 2015 cos de 2006 obsérvase un aumento na prevalencia de mulleres galegas que declaran ter realizado algunha citoloxía en tódolos grupos de idade. Estes datos son concordantes coas recomendacións que existen na actualidade na nosa comunidade.

Destaca o maior incremento (de algo máis de 20 puntos porcentuais) rexistrado nas maiores de 65 anos, pasando do 51'9% en 2006 ao 72'8% en 2015, grupo de mulleres que non deberían entrar no cribado oportunista a non ser que teñan unha historia anterior de cribado deficiente.

Tamén se avaliou o cumprimento das recomendacións do PAPPS en termos de periodicidade (realización de citoloxías nos últimos tres anos no grupo de idade de 25-64 anos) e a súa asociación con factores sociodemográficos. Así, en 2015, o 79'5% das mulleres cumprían coas recomendacións, cifra moi similar á obtida en 2006 (77'3%). As porcentaxes máis elevadas de cumprimento, tanto en 2006 como en 2015, corresponderon ás mulleres de 25 a 44 anos, a aquelas con estudos medios ou superiores, ás que convivían en parella e ás que residían en ámbito urbán ou semiurbán (Táboa 2). Salvo no ámbito de residencia, estas diferenzas persistiron ao axustar os datos mediante modelos de regresión [BEG].

CAMPIONATO MUNDIAL DE FÚTBOL: RECOMENDACIÓNS AO VIAXEIRO

É posible que o médico de atención primaria recolla dúbidas sobre que facer antes de comezar unha viaxe.

Ante a viaxe para acudir ao mundial de fútbol, si o itinerario do viaxeiro se prolonga fora do circuíto urbano onde se celebra o campionato, deberase remitir ao viaxeiro a un Centro de Vacinación Internacional [ligazón] para valorar o risco de exposición á encefalite por carrachas e posible necesidade de vacinación. Se o circuíto é por áreas urbanas, a maioría dos viaxeiros non precisarán vacinas específicas para viaxar, sempre e cando teñan o calendario de vacinación actualizado, o que representa unha oportunidade para revisalo e actualizalo, se é preciso. Ademais, os viaxeiros con patoloxías complexas poden requirir vacinas adicionais.

Actualmente hai un brote de sarampelo que ocorre en toda Europa e nos países veciños [ligazón]. Débese asegurar que o viaxeiro ten dúas doses de vacina contra o sarampelo, sempre que non sexa inmune.

Outro problema das concentracións masivas é o maior risco de exposición ás infeccións gastrointestinais, polo que

compre dar consellos básicos sobre o consumo de alimentos e auga: lavar as mans antes de comer e sempre despois de usar o baño (as instalacións de lavado de mans poden non estar sempre dispoñibles, polo tanto é aconsellable levar un xel sanitizante ou toallas manuais de alcohol); empregar pratos, vasos e utensilios limpos; escoller alimentos recién cociñados a temperatura elevada e que se sirvan de inmediato mentres aínda están quentes; consumir leite e produtos lácteos pasteurizados; ter especial coidado con doces e xeados; evitar comer peixe ou marisco cru; pelar a froita; evitar verduras crúas e alimentos con ovos crus ou pouco cociñados; consumir auga embotellada; etc.

Outros consellos importantes son: evitar comportamentos sexuais de risco; evitar contacto con animais silvestres (risco de mordedura e transmisión de rabia); utilizar protector solar acorde a idade, tipo de pel e exposición; e levar un botiquín persoal coa medicación habitual xunto coa indicación médica (Rusia permite a entrada de todo tipo de fármacos sempre que se acompañe coa prescrición médica e o seu correspondente informe).

CRIBADO DE CANCRO DE CÉRVIX: REALIZACIÓN DE CITOLOXÍAS EN GALICIA

Porcentaxe (%) de mulleres que se realizaron algunha citoloxía en global e en función do grupo de idade en Galicia en 2006 (SICRI 2006) e en 2015 (SICRI 2015).

GRUPO DE IDADE	GALICIA	
	SICRI 2006	SICRI 2015
16-24 anos	35'6	45'9
16-20 anos	16'5	24'8
21-24 anos	57'3	68'1
25-44 anos	84'0	92'6
45-64 anos	86'2	92'0
>= 65 anos	51'9	72'8
TOTAL	70'6	82'8

Porcentaxe (%) de mulleres que cumpren coas recomendacións do Programa de Actividades Preventivas e de Promoción da Saúde (PAPPS) de cribado del cancro de cérvix en global, en función da idade, nivel de estudos, tipo de convivencia, ámbito de residencia e país de nacemento en Galicia en 2006 e en 2015.

IDADE	SICRI 2006			SICRI 2015		
	%	IC95%	p valor	%	IC95%	p valor
25-44 anos	79'5	77'0-82'0	0'012	82'8	80'5-85'2	<0'001
45-64 anos	74'7	71'9-77'4		76'2	73'6-78'9	
TOTAL	77'3	75'4-79'2		79'5	77'7-81'2	
NIVEL DE ESTUDOS						
Sen estudos	47'6	32'8-62'3	<0'001	57'2	38'8-75'7	<0'001
Nivel básico	71'0	68'1-73'9		73'8	70'7-77'0	
Nivel medio	86'0	83'0-89'1		83'4	80'5-86'2	
Nivel superior	82'5	79'0-85'9		83'8	80'7-86'9	
CONVIVENCIA						
En parella	80'9	78'8-82'9	<0'001	81'1	79'0-83'2	0'007
Sen parella	68'0	64'0-71'9		75'8	72'4-79'2	
ÁMBITO DE RESIDENCIA						
Urbán	79'1	76'7-81'5	0'002	80'9	78'6-83'1	0'042
Semiurbán	78'1	74'6-81'6		79'1	75'5-82'6	
Rural	68'7	63'1-74'3		74'1	68'9-79'2	
PAÍS DE NACEMENTO						
España	-	-	-	79'3	77'5-81'2	0'644
Outro	-	-		80'8	75'0-86'0	